Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

Concepción Fernández Martínez
Sección de Psicoloxía Xurídica

M^a Jesús López Cernadas
Sección de Psicoloxía da Intervención Social

Rubén Villar Trencó
Coordinador do Programa Abrams o Círculo

Cristina García Núñez
Coordinadora Grupo de Traballo dos CIMs

Jésica Rodríguez Czaplicki (a partir do 2 de xullo)
Coordinadora Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Obradoiro “Trata de seres humanos con fins de explotación sexual”, en colaboración coa Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG.

Data: 15 de decembro.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Coordinadoras: M^a Filomena Garrido Blanco, Cristina García Núñez, Sandra Iglesias Rodríguez e M^a Alba Sousa González.

Relatores: Silvia Pérez Freire. Doutora en Socioloxía e investigadora social especializada en violencia de xénero. Plácido López Franco. Inspector UCRIF da policía de estranxeiría. Inspector de Policía Nacional. Lidia Álvarez González. Psicoterapeuta especializada en violencia de xénero. Psicóloga na Fundación Amaranta.



Obradoiro “Trata de seres humanos con fins de explotación sexual”



Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal



Campaña "Compostela en Negro"

b) Grupos de Traballo:

■ Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal

As persoas integrantes son: Jélica Rodríguez Czaplicki (coordinadora), Iria Carnoto Figal, Cristina Fariñas Lema, Natalia Guedella Sebastián, María Soledad Mayorga Lema, Andrea Rodríguez Freire, María Belén Vázquez Gómez,

O Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal creouse en 2018 buscando promocionar o estudo e investigación no eido da psicoloxía perinatal, tamén promover e realizar proxectos de intervención tanto preventiva como terapéutica, sempre sustentadas na evidencia científica.

Entre os fins do Grupo atópanse o de crear rede, cooperando con outras entidades relacionadas coa psicoloxía perinatal ou coa perinatalidade en xeral, e tamén velar pola adecuada práctica profesional, con vixilancia sobre o intrusismo dentro do campo da perinatalidade

- c) Participación na campaña "Compostela en negro" do Concello de Santiago de Compostela, para amosar o compromiso coa loita contra a violencia de xénero.
- d) Organización do concurso de carteis e fotografía "Pola igualdade 2018" dirixido ao alumnado da ESO.
- e) Observatorio de prensa en materia de xénero.
- f) Elaboración de diversos comunicados.
- g) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.
- h) Participación nun simposium o IV Congreso da Ordem dos Psicólogos Portugueses.
- i) Participación no Grupo de Traballo 3: abordaxe da violencia de xénero coa mocidade desde o ámbito educativo, do Observatorio Galego da Violencia de Xénero.

6.3. COMISIÓN DE PSICOLOXÍA DO DEPORTE



Comisión de Psicoloxía do Deporte
ata o 9 de novembro



Comisión Intersectorial de Psicoloxía do
Deporte a partir do 9 de novembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ATA O 9 DE NOVEMBRO

M^a Dolores González Fernández
Coordinadora

Eva M^a García Quinteiro
Graciela Lois Río
Julio Manuel Prol Bao
Delfina Vicente Santiago
Iria Salvador Pérez
Constantino Arce Fernández
Rubén López López
Lesmes Manuel Rivas Iglesias

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

■ 9 de novembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN A PARTIR DO 9 DE NOVEMBRO

M^a Dolores González Fernández
Coordinadora

Eva M^a García Quinteiro
Graciela Lois Río
Julio Manuel Prol Bao
Constantino Arce Fernández
Delfina Vicente Santiago
Sección de Psicoloxía e Saúde
Purificación Alberte Iglesias
Sección de Psicoloxía Educativa
Antonio Esteban Fuertes Saavedra
Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións
M^a Jesús López Cernadas
Sección de Psicoloxía da Intervención Social

ACTIVIDADES

- a) Participación na Comisión Galega de Control da Violencia da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, dirixida a diminuír e combater a violencia en todas as súas dimensións no ámbito deportivo.
- b) Participación na Comisión de Valoración Autonómica da Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía do Deporte.
- c) Achea de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

6.4. COMISIÓN DE CULTURA



Entrega do premio do XI concurso literario do COPG "Rosa de Cen follas"



Inauguración da exposición "Puntadas anónimas"



Encontro "Voces contra a violencia!"

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

Concepción Rodríguez Pérez
Coordinadora

José Luis Domínguez Rey
José Manuel Oreiro Blanco

ACTIVIDADES

a) XI Concurso Literario de Poesía e Narrativa do COPG Rosa de Cen Follas

■ Xurado:

M^a Rosa Álvarez Prada, *decana*

Concepción Rodríguez Pérez, *coordinadora da Comisión de Cultura e escritora*

Joel Gómez, *xornalista*

Iolanda Rodríguez Aldrei, *escritora*

- Presentáronse un total de 12 obras, das cales 7 foron na modalidade de narrativa e 5 na de poesía.
- Reunión do xurado no mes de novembro co fin de deliberar o fallo dos premios de poesía e narrativa do mesmo.
- O 11 de decembro tivo lugar no Edificio Abanca Obra Social, en Santiago de Compostela, a entrega de premios do XI Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia Rosa de Cen Follas.
- Na modalidade de poesía, a galardoada foi María Carou López coa obra "Eu estaba amarrada nesta casa", mentres que na categoría de narrativa, o premiado foi Fernando González Iglesias co texto "Salvamento".

b) Exposición "Puntadas anónimas"

O 23 de xaneiro inaugurouse na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a exposición "Puntadas anónimas" da artista e psicóloga colexiada Encarna Álvarez Gallego.

Nela puidéronse contemplar varias obras que destacaron pola utilización de mestura de pinturas e texturas.

A mostra permaneceu no Colexio para a súa libre visita ata o 15 de abril.

c) Encontro "Voces contra a violencia"

O 27 de novembro o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia celebrou o encontro "Voces contra a violencia".

Un encontro de voces poéticas, musicais e artísticas en xeral, arredor do Día Internacional contra a violencia machista.

No acto participaron Clara Pino, Miguel Alonso, Iolanda Aldrei, José Manuel Barbosa, Petri Daza, Luz Fandiño, Veronica Martinez, Ro Palomera, Irene Quinteiro, Iria Rodríguez e Concha Rousía.

d) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

6.5. COMISIÓN DE ACREDITACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES SANITARIAS

Comisión creada pola Xunta de Goberno para atender a necesidade de valorar o currículo formativo consonte o regulado na disposición adicional sétima da Lei 33/2011, de 4 de outubro, de Saúde Pública pola que se mantén o procedemento transitorio previsto no número 2 da disposición adicional sexta da Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social en relación ao exercicio de actividades sanitarias realizadas por titulados e tituladas universitarias de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

José Manuel Oreiro Blanco, *secretario do COPG*
(ata o 5 de xuño).

Ana Isabel Martínez Arranz, *secretaria do COPG* (a partir do 5 de xuño).

José Eduardo Rodríguez Otero, *presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde*

Alicia Carballal Fernández, *vicepresidenta da Sección de Psicoloxía e Saúde*

ACTIVIDADES

Reuniuse en 7 ocasións en 2018. Resolvéronse 33 expedientes positivos, 8 negativos e 3 requirimentos de documentación.

6.6. COMISIÓN PARA A DEFENSA DA PROFESIÓN E PARA A PREVENCIÓN DO INTRUSISMO

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 21 de febreiro
- 20 de marzo
- 27 de xuño
- 4 de outubro
- 4 de decembro

A creación da Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo foi aprobada na Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o 10 de marzo de 2015.

Entre os obxectivos da Comisión figuran os de fomentar e potenciar o recoñecemento da psicoloxía como profesión necesaria na sociedade, así como apoiar o emprendemento de accións legais contra o intrusismo das pseudoterapias, pseudociencias, así como dos/as profesionais que exercen sen a colexiación obrigatoria.



Comisión para a Defensa da Profesión e a Prevención do Intrusismo

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

M^a Concepción Prado Álvarez, *coordinadora* (ata o 27 de novembro)

Víctor Manuel Torrado Oubiña, *coordinador* (a partir do 27 de novembro)

José Manuel Pazos Riveiro

Xabier Macías Virgós (ata o 4 de decembro)

Tania Rodríguez Canitrot

Francisco Javier Sardiña Agra (a partir do 27 de xuño)

ACTIVIDADES

- a) Ao longo do ano 2018 recibíronse na Secretaría do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia un total de 25 queixas que foron abordadas pola Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo do COPG.

Tramitación dos expedientes:

- 5 non admitidos a trámite.
- 10 expedientes resoltos.
- 10 expedientes pendentes de resolución.

As casuísticas máis comúns de queixa son as de profesionais doutro ámbito realizando actividades propias da psicoloxía (coaching, psicoterapia, pseudoterapias, etc.), a incorrecta denominación da súa titulación figurando como psicólogos ou psicólogas clínicas sen estar en posesión do título de Psicólogo/a Especialista en Psicoloxía Clínica; ou psicólogos e psicólogas con exercicio profesional que non están en situación de alta colexial.

- b) Participación nun simposium no IV Congreso da Ordem dos Psicólogos Portugueses.
- c) Achea de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.
- d) Estudo da campaña publicitaria a realizar desde o COPG na que se pretende transmitir ao público adulto a utilidade da psicoloxía e eliminar os prexuízos de acudir a un psicólogo ou psicóloga. Preténdese enviar unha mensaxe ampla e institucional.



6.7. COMISIONS DE VALORACIÓN AUTONÓMICAS DAS ACREDITACIÓN PROFESIONAIS DO CONSEJO GENERAL DE LA PSICOLOGÍA

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de **Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía de Emerxencias e Catástrofes**:
Composición: Ana Isabel Martínez Arranz / Olegaria Mosqueda Bueno / Ana M^a Núñez Rubines / Julita M^a Touriño Araújo
Reunións: 2 de xullo / 19 de novembro
Revisáronse un total de 12 expedientes, informándose de xeito positivo en todos eles.
- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de **Psicólogo/a Experto/a en Psicooncoloxía e/ou Psicoloxía en Coidados Paliativos**:
Composición: Ana Isabel Martínez Arranz / Víctor Manuel Torrado Oubiña / José Eduardo Rodríguez Otero / Noelia Pita Fernández / Sabela Maceda García / Rebeca Deus Fernández
Reunións: 13 de novembro
Revisáronse un total de 3 expedientes, informándose de xeito positivo en todos eles.
- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de **Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía do Deporte**:
Composición:
Ana Isabel Martínez Arranz / Alejandra Isabel Fernández Rodríguez / M^a Dolores González Fernández / Constantino Arce Fernández
Reunións: 20 de agosto / 20 de novembro
Revisáronse un total de 2 expedientes, informándose de xeito positivo nun deles e téndose requirido documentación adicional no outro.
- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de **Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía Aeronáutica**:
Composición:
Ana Isabel Martínez Arranz / Eva Muíño Gómez / M^a Jesús Sánchez Peteiro / Carlos Gestal Gestal
- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de **Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía Educativa**:
Composición:
Ana Isabel Martínez Arranz / Hipólito Puente Carracedo / Manuela del Palacio García / Ana M^a Ulloa Lage / M^a Asunción Teijeira Bautista / Purificación Alberte Iglesias
- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de **Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía da Intervención Social**:
Composición: Ana Isabel Martínez Arranz / José Manuel Oreiro Blanco / M^a Jesús López Cernandas / M^a Leonor Galiana Caballero / M^a Celeste Porto Gómez

7.

GRUPOS
DE TRABAJO7.1. GIPCE. GRUPO DE INTERVENCIÓN
PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E
EMERXENCIAS

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 15 de xaneiro
- 19 de febreiro
- 26 de marzo
- 23 de abril
- 28 de maio
- 25 de xuño
- 30 de xullo
- 17 de setembro
- 15 de outubro
- 19 de novembro
- 17 de decembro



Comisión Coordinadora do GIPCE

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Ana Isabel Martínez Arranz

Coordinadora

Julita M^a Touriño Araújo

Secretaria

Emma Diéguez Teijeiro

José Ramón García Gómez (ata xullo)

M^a Carmen González Hermo

Concepción López Martín

Lorena Nieto Iglesias (a partir de setembro)

Ana M^a Núñez Rubines

Aurora Rozadilla Arias



Seminario “Repensando as intervencións 2017”



Curso “Comunicación de malas novas en emerxencias e catástrofes e intervención en dó”

ACTIVIDADES

a) Formación interna:

- Seminario “Repensando as intervencións 2017”.
 Datat: 26 e 27 de xaneiro.
 Lugar: Escola Galega de Administración Pública.
 Coordinadora: M^a del Carmen González Hermo.
 Relatores: Os membros do GIPCE Carmen Patiño García, Isabel Cabado Fidalgo, Gonzalo Opazo Marra, José Ramón García Gómez, Raquel Malvárez García, Marcos Álvarez Fernández, Purificación Leal Docampo, Avelina Senra Comesaña, María Lillo Montes, José M^a Freire Duro, Elena González Cid, Ana M^a Nuñez Rubines, Soledad Ozores Dopereiro e Elena Seoane de la Fuente.
- Curso “Comunicación de malas novas en emerxencias e catástrofes e intervención en dó”.
 Datat: 2, 3, 16 e 17 de marzo.
 Lugar: Escola Galega de Administración Pública.
 Coordinadores: José Ramón García Gómez e M^a del Carmen González Hermo.
 Docentes: M^a Carmen González Hermo. Psicóloga habilitada para o exercicio de actividades sanitarias. Membro do GIPCE desde 2005 e da Comisión Coordinadora desde outubro de 2010. Psicóloga na asociación AMBAR de persoas con diversidade funcional.
 José Ramón García Gómez. Membro do GIPCE desde 2005. Especialista en Psicopatoloxía, Intervención Clínica e Saúde (UNED). Especialista en psicoterapia pola EFPA. Terapeuta EMDR e do PAPMVX. Psicólogo da Rede Nacional de Atención a Víctimas de Terrorismo.



Curso “Intervención en trauma I”



Curso “Intervención psicológica en catástrofes e emerxencias”



Curso “Intervención en trauma II”

- Curso “Intervención en trauma I”.
 Datas: 25 e 26 de maio.
 Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.
 Coordinador: José Ramón García Gómez.
 Docente: Dolores Mosquera Barral. Psicóloga. Psicoterapeuta experta en trastornos da personalidade, trauma e disociación. Directora do centro INTRA-TP na Coruña, Santiago e Sada (A Coruña).
- Curso “Intervención psicológica en catástrofes e emerxencias”.
 Datas: 14, 15, 28 e 29 de setembro.
 Lugar: Escola Galega de Administración Pública.
 Coordinadoras: Olegaria Mosqueda Bueno e Avelina Senra Comesaña.
 Docentes: Olegaria Mosqueda Bueno. Orientadora e psicóloga educativa no IES Santa Irene de Vigo. Experiencia como docente na Universidade de Vigo e Santiago de Compostela, na AGASP, no COPG e na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Avelina Senra Comesaña. Psicóloga clínica na Unidade Asistencial de Drogodependencias de Pontevedra. Colaboradora docente do grao en Psicoloxía no Máster de Psicoloxía Xeral Sanitaria da Universidade de Santiago de Compostela e titora en prácticas. Profesional colaborador do alumnado en prácticas do Itinerario de Psicoloxía Clínica da Universidade de Educación a Distancia (UNED) de Pontevedra.
- Curso “Intervención en trauma II”.
 Datas: 26 e 27 de outubro.
 Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.
 Coordinador: José Ramón García Gómez.
 Docente: Dolores Mosquera Barral. Psicóloga. Psicoterapeuta experta en trastornos da personalidade, trauma e disociación. Directora do centro INTRA-TP na Coruña, Santiago e Sada (A Coruña).

b) Intervencións:

Durante 2018 realizáronse 14 intervencións, 11 directas e 3 que foron telefónicas (2 en centros educativos e 1 con efectivos da Policía Local). Á parte destas, nas que se interveu directa ou telefonicamente, houbo dúas situacións máis nas que estivemos GIPCEs en alerta pero nas que non houbo finalmente demanda.

■ Violencia de xénero:

18 de xuño no Porriño (Pontevedra).

■ Centros educativos:

8 de xaneiro en Catoira (Pontevedra).

5 de xuño telefónica en Tui (Pontevedra).

12 e 13 de xuño en Carnota (A Coruña).

5 e 6 de xullo telefónica en Vigo (Pontevedra).

5 de decembro en Vigo (Pontevedra).

■ Accidentes de tráfico:

15 de xuño en Riotorto (Lugo).

■ Desaparicións:

12 de febreiro en Barro (Pontevedra).

■ Accidentes laborais e de lecer:

31 de marzo e 1 de abril Ribadeo (Lugo).

23, 24 e 25 de maio en Tui (Pontevedra).

26 de xullo telefónica en Ourense.

6 de agosto na Coruña.

6 e 7 de agosto en Ourense.

28 de outubro en Camariñas (A Coruña).

■ Suicidios:

25 e 26 de febreiro en Teo (A Coruña).

■ Simulacros:

18 de abril no aeroporto de Lavacolla (Santiago de Compostela).

9 de maio na Rúa (Ourense).

20 de xuño no aeroporto de Peinador (Vigo).

6 de novembro no aeroporto de Alvedro (A Coruña).



Participantes no simulacro en Lavacolla



Participantes no Simulacro na Rúa

c) Alertas:

- 20 de decembro no Porto do Son (A Coruña).
- 25 de decembro en Caldas de Reis (Pontevedra)

d) Avisos 112:

- 11 de xuño en Carnota (A Coruña).
- 19 de xuño en Oroso (A Coruña).
- 24 de xullo en Cambados (Pontevedra).
- 13 e agosto en Vigo (Pontevedra).
- 8 de outubro en Monforte (Lugo).
- 13 de outubro en Valdoviño (A Coruña).
- 20 de decembro en Malpica (A Coruña).
- 29 de decembro en Lalín (Pontevedra).

e) Formación impartida:

Durante este ano impartíronse as seguintes actividades formativas:

- Na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) un total de 64 horas de formación distribuídas en 4 cursos dirixidos ao voluntariado de Protección Civil e axentes forestais.
 - Tres edicións do curso “Apoio psicolóxico básico en manexo de estrés con intervenientes en situacións de emerxencias ou catástrofes” para voluntarios/as de Protección Civil de 16 horas de duración cada unha. A primeira edición realizouse os días 19 e 20 de abril, a segunda o 3 e 4 de maio e a terceira o 23 e 24 de outubro.
 - Unha edición do curso “Apoio psicolóxico básico en manexo de estrés con intervenientes en situacións de emerxencias ou catástrofes” dirixido a axentes forestais de 16 horas de duración que se realizou os días 31 de maio e 1 de xuño.
- Para a Consellería de Educación da Xunta de Galicia impartíronse un total de 8 horas de formación, distribuídas en catro actividades, dirixidas aos directores/as dos diferentes centros educativos da Comunidade Autónoma:
 - 24 de abril en Pontevedra.
 - 26 de abril en Lugo.
 - 4 de maio na Coruña.
 - 10 de maio en Ourense.
- Outros organismos:
 - Dous seminarios no Máster de Psicología Xeral Sanitaria dependente do Departamento de Psicología clínica da USC. O primeiro deles versou sobre “Primeiros Auxilios Psicolóxicos” e realizouse o día 10 de abril. O segundo deles tratou sobre a “Intervención no accidente do tren Alvia” e tivo lugar o día 17 de abril. A duración de cada un deles foi de dúas horas.
 - O 16 e 23 de marzo a coordinadora participou en dúas xornadas de emerxencias, a primeira organizada polo COP de Guipúzkoa e a segunda organizada polo COP de Las Palmas.
 - Participación en dous simposiums no IV Congreso da Ordem dos Psicólogos Portugueses.
- Oferta formativa dirixida a centros escolares privados e concertados.

f) Actividades informativas:

- O 22 febreiro celebrouse a xuntanza anual na que se informou da actividade do grupo nas distintas áreas de traballo e se abordaron diversas cuestións de importancia para a boa marcha interna.
- O 15 decembro tivo lugar unha sesión informativa con novos membros do GIPCE-COPG. Nesta xuntanza, obrigatorias para entrar no grupo, informouse de temas que teñen que ver coa organización interna do grupo: o GIPCE- COPG e GI-112 e a súa estrutura, o convenio e o protocolo de actuación co 112, o modo de entrada no GI-112, a permanencia e baixa no GIPCE-COPG e boas prácticas e a acreditación como Psicólogo/a de Emerxencias. Asistiron 10 novos membros quedando por realizala aínda 2 máis.

g) Grupos de Traballo**■ Grupo de gardas**

Formado por: Ana M^a Núñez Rubines, Aurora Rozadilla Arias, M^a Carmen Patiño García, Concepción López Martín, Elena González Cid, M^a Elena Seoane de la Fuente, Fátima López Rodríguez, Isabel Cabado Fidalgo, Isabel Vázquez Prado, Julita M^a Touriño Araujo, M^a Leonor Galiana Caballero, Lorena Nieto Iglesias, M^a Carmen González Hermo, M^a Luz Losada Somoza, Olegaria Mosqueda Bueno e Soledad Ozores Dopereiro.

Encárganse de realizar gardas telefónicas que permitiron dar cobertura as 24 horas do día dos 365 días do ano a todas as demandas do 112 de atención a emerxencias.

Celebrouse a xuntanza anual o 21 de abril na que abordaron temas como o envío dos informes e follas de gastos das intervencións, as quedas de garda, a revisión de tarifas de intervención, información do traballo do GAI e o protocolo de activación co 112.

■ Grupo de apoio a intervinientes (GAI)

Formado por: M^a Jesús Lillo Montes (coordinadora), Juan Carlos Prados Moreno, M^a Jesús Taboada Costas e Soledad Ozores Dopereiro. Enlace coa Comisión Coordinadora: M^a Carmen González Hermo.

O GAI é un grupo de apoio a intervinientes formado por integrantes do GIPCE e encárganse de proporcionar o soporte psicolóxico necesario a aqueles membros do propio grupo que acaban de participar nunha intervención. A decisión de apoio vai a estar guiada polas características da intervención.

Reunións:

16 de xaneiro
 20 de febreiro
 6 de abril
 8 de maio
 12 de xuño
 26 de xullo
 2 de outubro
 27 de novembro



Grupo de Apoio a Intervenientes (GAI)

Obxectivos establecidos para 2018:

- Afianzamento do grupo: este obxectivo foi totalmente conseguido xa que a asistencia ás reunións periódicas foi por parte de todos os seus membros en cada unha delas.
- Definir e implantar o protocolo de actuación: establecer o novo protocolo a seguir introducindo o cuestionario de aplicación e establecer os pasos para o caso de ser necesaria a actuación posterior. Os esforzos durante todas as reunións estiveron ao redor deste obxectivo. Avanzouse moito na definición do protocolo e se continuará no seguinte ano.
- Promoción do autocoidado e a cohesión interna: seguir coa organización das xornadas previstas para este ano que non se puideron realizar e xerar conciencia entre os membros do grupo sobre a necesidade do autocoidado. Sobre este punto non se traballou neste ano.

Obxectivos previstos para 2019:

- Redefinición e presentación do protocolo de actuación interno.
- Promoción do autocoidado e a cohesión grupal.

■ Grupo de Traballo para Plans de Emerxencia Exterior

Formado por: Ana Isabel Martínez Arranz, Elena González Cid (provincia da Coruña), M^a Jesús Lillo Montes (provincia de Lugo), José Ramón García Gómez (provincia de Ourense) e M^a Luz Losada Somoza (provincia de Pontevedra).

Formado pola coordinadora e os catro membros do GIPCE que figuran como suplentes da mesma en cada unha das provincias. Encárganse de elaborar a documentación necesaria para poder desenvolver as nosas intervencións no caso de que se active algún destes Plans de Emerxencia Exterior (PEE) e da asistencia ás reunións que se convoquen para a preparación do plan da coordinación dos simulacros correspondentes.

Solicitáronse titulares e suplentes para o PEE de Cabo Prioriño-Arteixo (A Coruña) e o 14 de novembro houbo un aviso do 112 sobre un simulacro en FORESA en Caldas de Reis (Pontevedra) onde non estaba contemplada a nosa intervención.

■ Grupo de Traballo para Plan de Emerxencias Interno

Formado por: Ana I. Martínez Arranz e Concepción López Martín.
Foron as encargadas de revisar e adaptar o contido para ser revisado posteriormente nas xuntanzas mensuais da Comisión Coordinadora polos demais membros.

Durante este ano seguiu co proceso de reestruturación do PEI totalmente no seu formato, simplificando o seu contido para que fora máis accesible. A final de ano conseguíronse revisar os esquemas e o contido dos distintos niveis quedando por traballar máis nesta parte para rematalo definitivamente

■ Grupo de Traballo sobre violencia de xénero

Formado por membros do GIPCE que tamén forman parte no Programa da Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero: Julita M^a Touriño Araújo (coordinadora), Antonia San Martín García, Juan Carlos Prados Moreno, M^a Luz Losada Somoza e Rubén Villar Trencó.

O grupo ten como finalidade elaborar un protocolo interno con pautas de actuación nas intervencións en emerxencias de violencia de xénero nas que hai morte por asasinato da muller e/ou os seus fillos ou fillas.

Reunións

6 de febreiro

6 de marzo

12 de abril

12 de xuño

25 de setembro

h) Documentación:

Incorporouse á área de documentación o seguinte material:

■ Bibliografía:

- “Mucho más que un cuento. El niño en el duelo”. Ediciones SM.

■ Envío de documentos:

- Enlace a un conto infantil, para tratar o tema do dó, en poboación infantil.
- Dous artigos seleccionados relativos á intervención con menores.

i) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

j) Participación na Comisión de Valoración Autonómica da Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicología en Emerxencias e Catástrofes.

k) Participación na Comisión de Valoración de novas solicitudes de ingreso ao GIPCE.

l) Celebración de 3 xornadas de convivencia celebradas en Ourense o 14 de abril, en Ribeira (A Coruña) o 8 de setembro e en Vigo o 6 de outubro.

7.2. GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

REUNIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Celebráronse nas seguintes datas:

- 25 de xaneiro
- 21 de marzo
- 26 de abril
- 31 de maio
- 27 de setembro
- 25 de outubro
- 1 de decembro



Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade

REUNIÓN DO GRUPO DE TRÁFICO

Celebráronse nas seguintes datas:

- 24 de febreiro
- 17 de novembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN COORDINADORA

Eva Muíño Gómez
Coordinadora

Eduardo Anoeta Rodríguez
Pilar Casal Devesa
Rosa M^a Domínguez Cameán
Carlos Gestal Gestal (ata o 22 de marzo)
Alejandro González Piñeiro
María Mariño Barca
M^a Jesús Sánchez Peteiro



Sesión formativa “Novos enfoques da psicoloxía nos centros de recoñecemento”

ACTIVIDADES

a) Formación:

- Sesión formativa “Novos enfoques da psicoloxía nos centros de recoñecemento”.
Data: 24 de febreiro.
Lugar: Salón de actos do COPG.
Coordinadora: Eva Muíño Gómez
Relator: Alejandro González Piñeiro. Psicólogo experto en avaliación clínica e neuropsicolóxica.



Curso “Cans perigosos: educación e tenecia responsable. Como conseguir un can equilibrado”



“Amoxofobia, formas de abordaxe”

- Curso “Cans perigosos: educación e tenecia responsable. Como conseguir un can equilibrado”.

Data: 9 de xuño.

Lugar: Salón de actos do COPG.

Coordinadora: Rosa M^a Domínguez Cameán e Eva Muíño Gómez

Docentes: Ángel Mollá Marcos. Educador canino homologado pola Xunta de Galicia. Noemí Graña Torralba. Licenciada en veterinaria. Posgrao en Etoloxía Clínica, na especialidade de Medicina do Comportamento. Escola canina “Método Guau” en Teo (A Coruña).

- Sesión formativa “Amoxofobia, formas de abordaxe”.

Data: 17 de novembro.

Lugar: Hotel Hesperia Peregrino en Santiago de Compostela.

Coordinadores: Eva Muíño Gómez e Diego Lorenzo Torres

Relatores: Antonio Cabrera Rada. Psicólogo e vogal de Tráfico do Colegio Oficial de Psicología de Ceuta. Diana Parra Vilán e Jesús Vilarinho Rodríguez. Responsables da formación viaria en autoescolas de Pontevedra e Santiago de Compostela. Diego Antelo Guerra. Psicólogo sanitario e membro do Grupo de Tráfico e da Seguridade.

b) Intervencións:

Xornadas de Concienciación TASEVAL

Realizáronse neste ano tres intervencións con outros tantos grupos de persoas penadas por delitos relacionados coa seguridade viaria:

- Grupo 1 en Ferrol, nos meses de marzo e abril.
- Grupo 2 en Santiago, nos meses de maio e xuño.
- Grupo 3 en Ferrol, nos meses de outubro e novembro.

Actuaron como coordinadores e coordinadoras: Eduardo Anoeta Rodríguez, Paula Pereira Rodríguez, Begoña Blanco Blanco, Diego Antelo Guerra, María Mariño Barca, Eva Muíño Gómez, Teresa Antelo Silva e Diego Lorenzo Torres.



Charla “Epilepsia e condución”

SEVIME

Este programa lévase desenvolvendo desde o ano 2010 en colaboración coas Policía Locais de Vigo e Pontevedra para dar resposta ás penas relacionadas co tráfico e a seguridade viaria con menores.

En 2018 levouse a cabo unha intervención o 3 de maio, por parte de Diego Lorenzo Torres, colexiado do COPG e membro do Grupo de Tráfico e da Seguridade.

PSICOVIAL

A mediados de setembro deu comezo a quinta edición do programa Psicovial, en formato programa longo e grupo pequeno, que ten unha duración de 6 meses engadidos aos dous meses anteriores das Xornadas de Concienciación. Neste caso o grupo estivo composto por 3 asistentes, penados con poli e multirreincidencia.

Este programa segue a desenvolverse a razón dunha sesión semanal de 2 horas de duración cada sesión. Intercálanse sesións individuais con sesións grupais así como, sesións individuais de seguimento. Coordinan esta intervención M^a Jesús Sánchez Peteiro e Eva Muíño.

- c) Realización unha entrevista para o programa A Revista da TVG sobre intervención con persoas reincidentes penadas por delitos de tráfico e emitida no mes de marzo.
- d) Asistencia o 3 de febreiro a unha reunión na Dirección General de Tráfico en Madrid para explicar a nosa longa experiencia con persoas reincidentes penadas por delitos de tráfico.
- e) Participación na Comisión de Valoración de solicitudes de acceso ao Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG.
- f) Participación nunha charla sobre “Epilepsia e condución” celebrada o 16 de novembro en Santiago de Compostela en colaboración coa DGT e organizada pola Asociación UGADE (Unión Galega de Epilepsia).
- g) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.
- h) Participación na Comisión Intersectorial de Mediación do COPG.

7.3. GRUPO DE TRABAJO DE PSICÓLOGOS E PSICÓLOGAS DOS CIMs



REUNIÓNs

- 12 de xaneiro
- 4 de maio
- 28 de setembro

Grupo de Traballo de Psicólogos e Psicólogas dos CIMs

O Grupo de Traballo de Psicólogos e Psicólogas dos CIMs está formado por dezaseis profesionais da psicoloxía que teñen como principais obxectivos dar visibilidade profesional e social ao traballo levado a cabo polos CIMs, promover unha formación especializada para as e os profesionais dos mesmos, consensuar criterios de actuación e avaliación, mellorar estruturas e coordinación para unha abordaxe máis integral e elaborar unha guía de documentación común para a práctica.

Cristina García Núñez

Coordinadora

María Concepción Millán Calenti

M^a Jesús López Agra

José Manuel Valdivia Moreno

Beatriz Monroy Cardoso

Ana Belén Fernández Landeira

Susana Costas Durán

Liliana Barral Caneda

Margarita de la Calle Bermejo

Valentín López Aira

M^a Dolores Lajos Castaño

María de los Ángeles Sánchez San Jorge

M^a Carmen Chapela González

M^a Consuelo Cajide Labandeira

Lidia Fazanes Estévez

Carolina Iglesias Vázquez

8.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN

8.1. PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO



Programa de Atención Psicológica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero

Este programa sitúase no marco do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. Vénse renovando anualmente desde o ano 2004.

COORDINADORA

Fátima López Rodríguez

ACTIVIDADES**a) Formación:**

Impartida conxuntamente co Programa Abramós o Círculo

- Xornada “Adentrándonos na realidade da trata con fins de explotación sexual”.

Data: 24 de febreiro.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Coordinadores: Rubén Villar Trencó e Fátima López Rodríguez.

Reladoras: Lourdes Pazo García e Beatriz García Méndez. Educadora social e asesora xurídica, respectivamente, do Centro da Muller Vagalume en Santiago de Compostela.

- Obradoiro “A perspectiva de xénero ao longo da intervención terapéutica”.

Datas: 11 e 12 de maio.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Coordinadores: Rubén Villar Trencó e Fátima López Rodríguez.

Relatores: Áurea Losada Quinteiros e María Pienso Linares. Psicólogas clínicas. Terapeutas familiares e supervisoras docentes por FEATFEN no centro Sistema da Coruña. Terapeutas acreditadas no Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero (PAPMVX), así como no Programa de Atención Psicolóxica para Homes con Problemas de Control e Violencia no Ámbito Familiar, “Abramos o Círculo”.



Xornada “Adentrándonos na realidade da trata con fins de explotación sexual”

Manuel Lopo Lago. Psicólogo clínico. Terapeuta familiar e supervisor docente por FEATFEN no centro Karma de Vigo. Terapeuta acreditado no Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero (PAPMVX), así como no Programa de Atención Psicolóxica para Homes con Problemas de Control e Violencia no Ámbito Familiar, “Abramos o Círculo”.

■ Obradoiro “Emocionarse, vincularse e protexerse”.

Data: 30 de novembro e 1 de decembro.

Lugar: Facultade de Psicología da USC.

Coordinadores: Rubén Villar Trencó e Fátima López Rodríguez.

Relatora: Pepa Horno Goicoechea. Psicóloga e consultora de infancia, afectividade e protección. Experta en coordinación de campañas estatais e internacionais para a prevención e a erradicación da violencia contra os nenos e nenas. Formadora e asesora en programas de intervención en máis de vinte países de Latinoamérica, sur e sueste asiáticos, Europa e o Magreb. Asesora e promotora do desenvolvemento de protocolos de actuación no ámbito educativo, social e sanitario en diversas institucións e organismos.



Obradoiro “Emocionarse, vincularse e protexerse”

b) Intervencións:

- O equipo de psicólogos e psicólogas que traballan ao abeiro do programa consta de 119 profesionais en toda a comunidade.
- Solicitan intervención ao longo do ano 421 mulleres; foron admitidas 343 das cales 303 tiñan denuncia interposta. Un total de 277 mulleres tiñan orde de protección.
- Realízase unha intervención o 18 de xuño no Porriño (Pontevedra) a través do protocolo conxunto entre o PAPMVX e o GIPCE.

c) Reunións informativas para novos e novas terapeutas do Programa:

- Desenvolvéronse xornadas informativas para os novos e novas terapeutas que se incorporan ao Programa nas seguintes datas:
12 de xaneiro
3 de xullo

d) Actividades desenvolvidas pola coordinadora:

- Ao longo do ano, a coordinadora do Programa mantivo reunións cunha periodicidade quincenal con Rubén Villar Trencó, coordinador do Programa Abramos o Círculo, co obxectivo de organizar as diferentes formación e tratar outros asuntos relacionados con ambos Programas.
- Os días 12 e 23 de xaneiro asistiu a xuntanzas co coordinador Programa Abramos o Círculo xunto cos psicólogos e psicólogas das Oficinas de Atención a Vítimas de Delito.
- O 13 novembro asiste a unha xuntanza na Secretaría Xeral da Igualdade para abordar diferentes temáticas relacionadas cos Programas.
- O 30 de novembro participa nunha xuntanza de traballo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para abordar a parte final do estudo que se vén a realizar dos Programas.
- No mes de marzo impartiu unha xornada dirixida a corpos e forzas de seguridade na Academia Galega de Seguridade Pública na Estrada (Pontevedra).

8.2. PROGRAMA “ABRAMOS O CÍRCULO”

Programa “Abramos o Círculo”

É un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio, financiado pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, e dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella e coa súa familia, e desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade. Vénse renovando anualmente desde 2001.

COORDINADOR

Rubén Villar Trencó

ACTIVIDADES**a) Formación:**

Impartida conxuntamente co Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero

- Xornada “Adentrándonos na realidade da trata con fins de explotación sexual”.
Data: 24 de febreiro.
Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.
Coordinadores: Rubén Villar Trencó e Fátima López Rodríguez.
Relatoras: Lourdes Pazo García e Beatriz García Méndez. Educadora social e asesora xurídica, respectivamente, do Centro da Muller Vagalume en Santiago de Compostela.



Obradoiro “A perspectiva de xénero ao longo da intervención terapéutica”

- Obradoiro “A perspectiva de xénero ao longo da intervención terapéutica”.

Datas: 11 e 12 de maio.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Coordinadores: Rubén Villar Trenco e Fátima López Rodríguez.

Relatores: Áurea Losada Quinteiros e María Pienso Linares. Psicólogas clínicas. Terapeutas familiares e supervisoras docentes por FEATFEN no centro Sistema da Coruña. Terapeutas acreditadas no Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero (PAPMVX), así como no Programa de Atención Psicolóxica para Homes con Problemas de Control e Violencia no Ámbito Familiar, “Abramos o Círculo”. Manuel Lopo Lago. Psicólogo clínico. Terapeuta familiar e supervisor docente por FEATFEN no centro Karma de Vigo. Terapeuta acreditado no Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero (PAPMVX), así como no Programa de Atención Psicolóxica para Homes con Problemas de Control e Violencia no Ámbito Familiar, “Abramos o Círculo”.

- Obradoiro “Emocionarse, vincularse e protexerse”.

Data: 30 de novembro e 1 de decembro.

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.

Coordinadores: Rubén Villar Trenco e Fátima López Rodríguez.

Relatora: Pepa Horno Goicoechea. Psicóloga e consultora de infancia, afectividade e protección. Experta en coordinación de campañas estatais e internacionais para a prevención e a erradicación da violencia contra os nenos e nenas. Formadora e asesora en programas de intervención en máis de vinte países de Latinoamérica, sur e sueste asiáticos, Europa e o Magreb. Asesora e promotora do desenvolvemento de protocolos de actuación no ámbito educativo, social e sanitario en diversas institucións e organismos.

b) Reunións informativas para novos e novas terapeutas do**Programa:**

- Desenvolvéronse xornadas informativas para os novos e novas terapeutas que se incorporan ao Programa nas seguintes datas:
 - 12 de xaneiro
 - 3 de xullo

c) Intervencións:

- O equipo de psicólogas e psicólogos que traballan ao abeiro do programa consta de 77 profesionais en toda Galicia.
- Solicitan intervención ao longo do ano 59 homes, dos cales foron admitidos 56.

d) Actividades desenvoltas polo coordinador:

- Ao longo do ano, o coordinador do Programa mantivo reunións cunha periodicidade quincenal con Fátima López Rodríguez, coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, co obxectivo de organizar as diferentes formación e tratar outros asuntos relacionados con ambos Programas.
- Os días 12 e 23 de xaneiro o coordinador asistiu a unha xuntanza coa coordinadora do PAPMVX xunto cos psicólogos e psicólogas das Oficinas de Atención a Vítimas de Delito.
- O 6 de marzo, 10 de abril, 12 de xuño e o 25 de setembro asistiu ás xuntanzas co GIPCE para a elaboración dunha guía de intervención en casos de asasinatos por violencia de xénero.
- O 16 de marzo, o coordinador participa nunhas xornadas organizadas pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) co título “Recursos das Administracións en Materia de Violencia de Xénero” para expoñer e explicar as características do Programa.
- O venres 23 de marzo, o coordinador do Programa participou na “Mesa Municipal contra a Violencia de Xénero (MMVX)” do concello de Arteixo, presentando características dos Programas de intervención en materia de violencia de xénero que se veñen a desenvolver desde o COPG.
- O 28 de maio o coordinador concedeu entrevistas para Es Radio e Onda Cero, para falar do Día de Acción pola Sanidade da Muller.
- O 13 novembro realízase unha xuntanza na Secretaría Xeral da Igualdade para abordar diferentes temáticas relacionadas cos Programas.
- O 30 de novembro participa nunha xuntanza de traballo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para abordar a parte final do estudo que se vén a realizar dos Programas.

8.3. PROGRAMA DA QUENDA DE GARDA PSICOLÓXICA ESPECIALIZADA EN VIOLENCIA DE XÉNERO

No ano 2018 o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou un convenio de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a posta en marcha dun servizo de quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores, que sofren violencia de xénero na comunidade autónoma de Galicia.

COORDINACIÓN

Fátima López Rodríguez e Rubén Villar Trencó

ACTIVIDADES

a) Intervencións

- O equipo de psicólogas e psicólogos que traballan ao abeiro do programa consta de 16 profesionais en toda a comunidade.
- Actívase o servizo nunha ocasión para atender a unha usuaria con dous menores a cargo, a solicitude da Policía Nacional de Ourense.

b) Reunións informativas para novas e novos psicólogos da Quenda:

- Desenvolveuse unha xornada informativa para as novas e novos psicólogos que se incorporan á Quenda o 13 de novembro.

c) Actividades desenvoltas polos coordinadores:

- Elaboración do protocolo e regulamento de réxime interno, os modelos de documentos de traballo, os fluxogramas de activación e intervención e a creación do portelo desde o que se levará a cabo todo o proceso de rexistro e seguimento de datos.
- Celebración de xuntanzas de traballo de coordinación interna, cunha frecuencia semanal/quincenal para planificar, coordinar e elaborar diferentes actuacións referentes a este dispositivo.
- Celebración de diversas xuntanzas con Pepa Horno Goicoechea para o asesoramento da posta en marcha da quenda.
- Reunión coa Secretaria Xeral da Igualdade para concretar aspectos do desenvolvemento do servizo o 13 de novembro.
- Reunión de traballo con representantes da Secretaría Xeral da Igualdade e do Teléfono de Atención á Muller o 30 de novembro.

8.4. INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicología de Galicia en materia de protección civil. Véñse renovando anualmente desde 1997.

O obxecto deste convenio é achegar apoio á acción permanente dos órganos e das autoridades competentes en protección civil para a prevención e atención ante as emerxencias.

O COPG vén sostendo un Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) —ver epígrafe 7.1 desta Memoria— que está organizado en forma de rede activable. Está integrado por 33 psicólogas e psicólogos colexiados especializados neste tipo de situacións, que son os que interveñen, e 38 psicólogos e psicólogas colexiados de nova incorporación, non intervinientes, que están en proceso formativo. O GIPCE ofrece un recurso necesario e preparado para a resposta de intervención psicolóxica en desastres de media e grande magnitude.

8.5. PROGRAMA DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL

En 2018 renováronse os convenios de colaboración entre as Consellerías de Traballo e Benestar e Presidencia, Administracións Pública e Xustiza da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicología de Galicia, o Colexio Oficial de Avogados de Santiago de Compostela, o Colexio de Avogados de Ourense, o Colexio de Avogados da Coruña e o Colexio de Avogados de Ferrol para dar continuidade aos Programas de Mediación Intraxudicial.

Así mesmo, asináronse este ano dous novos convenios de colaboración entre as Consellerías de Traballo e Benestar e Presidencia, Administracións Pública e Xustiza da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicología de Galicia, o Colexio Oficial de Avogados de Pontevedra e o Colexio de Avogados de Vigo para botar a andar o Programa de Mediación Intraxudicial en Pontevedra e Vigo.

A través dos convenios asinados preténdese desenvolver programas de mediación intraxudicial gratuíta en Santiago de Compostela, Ourense, A Coruña, Ferrol, Pontevedra e Vigo mediante o funcionamento de equipos de mediación compostos por un ou unha profesional da psicología e un avogado ou avogada que traballen en directa conexión coa fiscalía dos xulgados e coa propia xudicatura.

Estes programas impulsan a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos en procesos xudiciais de familia no que se trata de acadar un acordo entre as partes, considerando as necesidades de cada membro da familia e, especialmente, dos e das menores do núcleo familiar.

Equipo de mediación intraxudicial de Santiago de Compostela

Titulares do servizo:

José Ramón García Gómez, desde xaneiro ata marzo de 2018.

Marcela Santorun Ardone, desde abril ata setembro de 2018.

M^a Isabel Rodríguez Prego, desde outubro ata decembro de 2018.

Suplentes do servizo:

Marcela Santorun Ardone, desde xaneiro ata marzo de 2018.

M^a Isabel Rodríguez Prego, desde abril ata setembro de 2018.

Cristina Torrado Tarrío, desde outubro ata decembro de 2018.

Ao equipo fóronlle derivados 13 casos, dos que 11 asistiron á reunión informativa presencial (SIP). Deles aceptaron realizar mediación (un 72,73%), dos cales 2 seguen en trámite para o ano 2019.

Equipo de mediación intraxudicial de Ourense

Titulares do servizo:

Purificación Leal Docampo, desde xaneiro ata marzo de 2018.

Alicia Peralejo Abeleira, desde abril ata setembro de 2018.

José Antonio Varela Alonso, outubro ata decembro de 2018.

Suplentes do servizo:

Alicia Peralejo Abeleira, desde xaneiro ata marzo de 2018.

José Antonio Varela Alonso, desde abril ata setembro de 2018.

Katia Rolán González, desde outubro ata decembro de 2018.

Ao equipo fóronlle derivados 53 casos, dos que 21 asistiron á reunión informativa presencial (SIP). Deles aceptaron realizar mediación 14 (un 26,42%), dos cales 3 seguen en trámite para o ano 2019. Dos asuntos xa pechados, remataron con acordo 10.

Equipo de mediación intraxudicial da Coruña

Titulares do servizo:

Cristina Torrado Tarrío, desde xaneiro ata marzo de 2018.

Juan Manuel Romero Lorenzo, desde abril ata setembro de 2018.

Beatriz Guerra García, desde outubro ata decembro de 2018.

Suplentes do servizo:

Katia Rolán González, desde xaneiro ata marzo de 2018.

Beatriz Guerra García, desde abril ata setembro de 2018.

M^a Elsa Rodríguez Viña, desde outubro ata decembro de 2018.

Ao equipo fóronlle derivados 214 casos, dos que 112 asistiron á reunión informativa presencial (SIP). Deles aceptaron realizar mediación 67 (un 31,31%), dos cales 9 seguen en trámite para o ano 2019. Dos asuntos xa pechados, remataron con acordo 23 (un 34,33%) fronte a 29 que non chegaron a acordo 43,28%) e a 5 que abandonaron a mediación (7,46%).

Equipo de mediación intraxudicial de Ferrol

Titular do servizo:

M^a Elsa Rodríguez Viña, desde xaneiro ata maio de 2018.

Nuria González Lois, desde xuño ata novembro de 2018.

Eva Muíño Gómez, decembro de 2018.

Suplente do servizo:

Nuria González Lois, desde xaneiro ata maio de 2018.

Eva Muíño Gómez, desde xuño ata novembro de 2018.

Marcela Santorun Ardone, decembro 2018.

Ao equipo fóronlle derivados 11 casos, dos que 11 asistiron á reunión informativa presencial (SIP); deles 4 chegaron a acordo (36,36%) e 7 remataron sen acordo ou abandonaron o proceso.

Equipo de mediación intraxudicial de Pontevedra

Titulares do servizo:

José Ramón García Gómez, desde xullo ata decembro de 2018.

Suplentes do servizo:

Esther Arias Martínez, desde xullo ata decembro de 2018.

Ao equipo fóronlle derivados 36 casos, dos que 19 asistiron á reunión informativa presencial (SIP). Deles aceptaron realizar mediación 15 (un 79 %), dos cales 6 seguen en trámite para o ano 2019. Dos asuntos xa pechados, remataron con acordo 4 (un 44 %) fronte a 5 que non a acordo (un 55 %).

Equipo de mediación intraxudicial de Vigo

Titulares do servizo:

Alicia Peralejo Abeleira, decembro de 2018.

Suplentes do servizo:

Juan Manuel Romero Lorenzo, decembro de 2018.

Non lle foron derivados casos desde os xulgados de familia de Vigo.

8.6. XORNADAS DE CONCIENCIACIÓN DE SEGURIDADE VIARIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través do Grupo de Tráfico e da Seguridade e en colaboración directa cos Servizos Provinciais de Penas e Medidas Alternativas da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio del Interior e a Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, levou a cabo as Xornadas de Concienciación de Seguridade Viaria. Estas xornadas van dirixidas a persoas penadas por delitos relacionados co tráfico e a seguridade viaria en substitución dos traballos en beneficio á comunidade (ver epígrafe 7.2 desta Memoria).

O obxecto deste programa é o de posibilitar que os e as profesionais do Tráfico e da Seguridade poidan continuar traballando a concienciación coas persoas penadas por delitos relacionados co tráfico e a seguridade viaria.

8.7. PROGRAMA PSICOVIAL

No marco de colaboración coa Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia e para responder ás demandas da Unidades Provinciais de Medidas Alternativas de Institucións Penitenciarias, en 2013 o COPG elaborou a través do Grupo de Tráfico e da Seguridade un programa de intervención con persoas penadas por delitos relacionados co tráfico cunha orientación de intervención exclusivamente psicolóxica e dentro dun formato de programa prolongado con 9 meses de duración (ver epígrafe 7.2 desta Memoria).

O obxecto deste programa é dispor da posibilidade de poñer en práctica a experiencia acadada no formato taller de Xornada de Concienciación para transformala en programa longo de intervención psicolóxica. Trátase dun nivel superior ao formato de Xornada de Concienciación en tanto que hai maior gradación nas penas así como reincidencia, dándose casos que superan as 300 xornadas de pena tanto con multi como polirreincidencia.

O COPG segue sendo pioneiro no Estado con este tipo de programas fóra do contexto da organización de institucións penitenciarias como xa ocorrera no seu momento co formato Xornadas de Concienciación.

8.8. PROTOCOLO DE COLABORACIÓN COA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia mantén desde 2013 un protocolo de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia para a prestación de asistencia pericial á administración de xustiza nos procedementos penais a petición dun xulgado ou cando a proba fose acordada a solicitude dunha persoa beneficiaria de asistencia xurídica gratuíta.

8.9. ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN CO INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA) DA XUNTA DE GALICIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, manteñen desde abril de 2013 un acordo marco de colaboración para a promoción de actuacións de seguridade e saúde no traballo.

Este acordo establece canles de colaboración para o desenvolvemento de actividades de información e formación en prevención de riscos laborais, así como na programación e coordinación das actividades desenvolvidas polo COPG, co obxectivo de mellorar as condicións de seguridade e saúde no traballo, reducir os riscos laborais e avanzar na investigación e fomento de novas formas de protección e promoción de estruturas eficaces de prevención.

8.10. CONVENIO COA FUNDACIÓN EDUCACIÓN, DEPORTE Y SALUD (FEDYS)

Convenio de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS), que tal e como recolle o seu nome, ten tres eixes básicos de actuación: a educación, o deporte e a saúde.

Este convenio permite, entre outros aspectos, o desenvolvemento e a mellora da saúde na poboación xeral a través da práctica da actividade física e deportiva co obxectivo de diminuír algunhas das enfermidades máis frecuentes nas sociedades actuais como a hipertensión, a diabetes..., e un problema cada día máis en aumento como é a obesidade. Tamén permite a posibilidade de levar a cabo traballos de investigación relacionados coa área ou a organización de cursos, seminarios ou xornadas.

Finalmente, unha das colaboracións máis relevantes pola súa novidade é o asesoramento vocacional e psicolóxico aos deportistas que se achegan á Oficina de Atención ao Deportista, tanto as persoas que están en activo como as xa retiradas.

8.11. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela.

Ao abeiro deste convenio, a Universidade e o COPG executan de xeito conxunto proxectos e programas de investigación, desenvolvemento e transferencia de coñecemento, ademais de cooperar en programas e actividades de formación continuada de profesionais e de persoal investigador.

Encadrado neste convenio, o COPG ten asinado un convenio específico de colaboración entre o Grupo de Tráfico e Seguridade e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela co fin de desenvolver un modelo de intervención psicolóxica dirixido a prever a reincidencia das persoas infractoras de tráfico.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, baixo convenio específico coa Universidade de Santiago de Compostela, colabora no desenvolvemento dun

curso sobre o Código Deontolóxico que recibiu o alumnado do Practicum do Grao en Psicoloxía, con carácter previo á súa incorporación aos centros nos que vaian a desenvolver as prácticas. O devandito curso foi impartido por antigos membros e polos actuais da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG e a asesora xurídica do Colexio.

8.12. CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia mantén desde 2012 un convenio marco de colaboración coa Universidade de Vigo cuxo propósito é realizar conxuntamente actividades e proxectos en todo tipo de materias que resulten de interese para ambas as institucións.

Ao abeiro do convenio marco, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia segue mantendo o convenio de colaboración específico para o desenvolvemento científico no marco do programa de doutoramento en Ciencias da Educación e o Comportamento.

8.13. CONVENIO COA FUNDACIÓN MENIÑOS

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Fundación Meniños para a Infancia.

Este convenio ten por obxecto definir un marco xeral de colaboración estable entre ambas as dúas institucións para o desenvolvemento de accións de formación, investigación, comunicación, publicacións, asesoramento ou calquera outra de interese común.

8.14. CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL (FEGADACE)

Convenio marco de colaboración desde 2012 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE).

Este convenio de colaboración entre as dúas entidades asinouse co fin de promover accións conxuntas, coordinadas e beneficiosas para ambas as institucións, que teñan por obxecto a sensibilización, a formación, a intervención social, a investigación e a organización de accións e eventos.

8.15. CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP)



Cartel da campaña #PoloBoTrato

Á dereita: Presentación da campaña #PoloBoTrato



CAMPAÑA #POLOBOTRATO

Convenio de colaboración coa FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias) en cuestións de igualdade e loita contra a violencia de xénero, ao abeiro do cal se reeditou o cartaz co "Decálogo de Concellos #PoloBo-Trato" que se distribuíu en todos os concellos galegos así como nas catro deputacións, cunha serie de recomendacións para fomentar o bo trato no ámbito da igualdade de xénero.



Cartel da campaña "De troula CON-sentido"

Á dereita: Presentación da campaña



CAMPAÑA "DE TROULA CON-SENTIDO"

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e coa Federación Galega de Municipios e Provincias, puxo en marcha este verán a campaña "De troula con sentido, as festas galegas libres de violencia sexista", dirixida a sensibilizar e previr posibles condutas inaceitadas nas verbenas galegas. Esta campaña

apela ao xogo de palabras “con sentido” tanto como sinónimo de “con prudencia”, como á necesidade de contar co “consentimento” expreso nas relacións.

Foron varios os concellos que contaron con puntos lilas de información contra as agresións ou que promoveron materiais propios, pero deste xeito e grazas á cooperación entre as tres institucións, chegouse ao total dos concellos galegos co material producido para a campaña (carteis impresos, carteis en pdf personalizables, materiais para redes sociais, marcapáxinas).

8.16. CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE ESCLEROSE MÚLTIPLE (FEGADEM)

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM) asinaron o 19 de xullo na sede do COPG un convenio marco de colaboración coa intención de poñer en marcha medidas e puntos de defensa comúns, así como para a elaboración dunha guía de carácter público sobre a abordaxe da patoloxía da esclerose múltiple.

A decana do COPG, María Rosa Álvarez Prada, e a presidenta da FEGADEM, Rosa María Villar Cordovés, ratificaron este convenio que permitirá fomentar o intercambio de información e apoio técnico no eido da Atención Integral, sobre as necesidades do colectivo das persoas afectadas por esclerose múltiple, as súas familias e/ou referentes, así como por outras enfermidades neurodexenerativas, á vez que promover as alianzas oportunas para o deseño e desenvolvemento de programas e proxectos conxuntos que cumpran cos obxectivos estratéxicos de ambas entidades.

Para a elaboración da Guía sobre a abordaxe da patoloxía da esclerose múltiple creouse un Grupo de Traballo composto por:

Víctor Manuel Torrado Oubiña, *coordinador*

María Jesús Gómez Vecino

Fernanda Patiño Bustabad

Silvia Tubío Laíño

Lola Vinagre Torres



Grupo de Traballo para a elaboración dunha Guía sobre Esclerose Múltiple

9. SERVICIO DE INTERVENCIÓN EN PSICOLOXÍA FORENSE

O principal fin do Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense é o nomeamento de psicólogos e psicólogas peritos perante a Administración de Xustiza.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia conta cunha listaxe de psicólogos e psicólogas para responder ás demandas que se fagan á institución de nomeamento de peritos para actuar ante os órganos xurisdiccionais e das administracións públicas. Esta listaxe, de ámbito territorial provincial, organízase en tres áreas concretas de intervención:

Dereito penal

Dereito civil

Dereito laboral, social e outros ámbitos

En cumprimento do establecido na Lei, fíxose un envío a todos os xulgados de Galicia das listas de psicólogos e psicólogas peritos dispostos a actuar nas diferentes áreas de intervención para a súa designación directa por parte dos xulgados.

Tamén se colaborou na edición da Guía de Peritos Xudiciais 2018, elaborada pola Unión Profesional de Galicia.

10. SERVIZO DE MEDIACIÓN EN ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS

Por acordo da Xunta de Goberno do 14 de marzo de 2014, créase o Servizo de Mediación en Asuntos Cívís e Mercantís do COPG, aprobándose nesta mesma data o seu regulamento.

Este Servizo está integrado por 32 mediadores e mediadoras. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia figura inscrito no Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación do Ministerio de Xustiza.

11.

BECA SIOTA DE INVESTIGACIÓN
EN PSICOLOXÍA**X EDICIÓN DA BECA SIOTA****Composición do Comité Seleccionador:**

M^a Rosa Álvarez Prada, *decana*.

Luís Carlos Álvarez García

Rosa Cerqueiro Landín

Ana Jartín Abraira

José Manuel Oreiro Blanco

Gloria Seoane Pesqueira

Carlos Montes Piñeiro

Vogais

Por acordo da Xunta de Goberno do 21 de decembro convocouse a XI Edición da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía.

12. EVENTOS COLEXIAIS

12.1. PREMIO DOLORES LLÓPIZ “PSICOLOXÍA E SOCIEDADE 2018”

No Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia creamos en 2009 o noso galardón máis importante: o Premio Dolores Llópez “Psicoloxía e Sociedade”.

Este recoñecemento creouse para distinguir a persoa, a institución ou a asociación pola súa contribución ao desenvolvemento da psicoloxía en calquera dos seus eidos.

En 2018 Xunta de Goberno acordou entregarle o galardón á catedrática de Filosofía Moral e Política da UNED e membro do Consello de Estado, Amelia Valcárcel Bernaldo de Quirós.

Trátase dunha das principais representantes do feminismo da igualdade, cunha ampla e poliédrica carreira tanto docente como investigadora e intelectual, ademais de promover a loita pola igualdade a través do exercicio profesional e do compromiso público. Por iso, nun momento histórico no que o debate público sobre a igualdade entre mulleres e homes alcanzou cotas inéditas na sociedade, é especialmente importante recoñecer a filósofas como Amelia Valcárcel, que levan décadas contribuíndo cun intenso labor intelectual a esta teoría política e, en definitiva, á construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

Especialmente coñecida é a súa defensa do feminismo como teoría política, que ten plasmado na súa extensa obra escrita, autora de varios libros e colaboradora en numerosas publicacións. O sexo como construción normativa, a conceptualización da igualdade, cuestións como a paridade, o multiculturalismo, a democracia e o contexto globalizado son algúns dos temas protagonistas da súa obra ensaística.



Diferentes momentos do Acto de benvida ás novas colexiadas e colexiados

12.2. ACTO DE BENVIDA AOS NOVOS COLEXIADOS E COLEXIADAS E 25º ANIVERSARIO DE COLEXIACIÓN

O día 11 de decembro, no marco da asemblea xeral tivo lugar o acto de benvida a novos colexiados e colexiadas, un encontro específico no que se achegaron os distintos servizos que ofrece o Colexio e se deron a coñecer os modos de participación colexial. Tamén interviu neste acto o valedor dos colexiados e colexiadas saínte, Elixio A. Domarco Álvarez, que informou do seu labor en prol da defensa dos dereitos e deberes profesionais da psicoloxía; e a presidenta da Comisión de Ética e Deontoloxía, Ana Suárez Martínez, que realizou unha aproximación aos deberes deontolóxicos e as responsabilidades civís e penais dos psicólogos e das psicólogas.

Para finalizar, efectuouse un recoñecemento aos compañeiros e compañeiras que levan 25 anos de vida colexial para recoñecer o traballo daqueles psicólogos e psicólogas que chegan ao cuarto de século de vínculo coa profesión.

12.3 ACTO CONMEMORATIVO DO 40º ANIVERSARIO DA PRIMEIRA PROMOCIÓN DA FACULTADE DE PSICOLOXÍA DA USC

O 26 de outubro tivo lugar no Pazo de Fonseca, en Santiago de Compostela, a celebración do 40 aniversario da primeira promoción da Licenciatura de Psicoloxía (1973 - 1978) da Universidade de Santiago de Compostela,



Acto do 40 aniversario da primeira promoción

organizado conxuntamente polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Facultade de Psicoloxía da USC.

No Salón Nobre do Pazo celebrouse un acto que contou coa participación de María Victoria Otero Espinar, vicerreitora de Titulacións da USC, a decana da Facultade de Psicoloxía, M^a Lourdes Mirón Redondo e a decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M^a Rosa Álvarez Prada. O catedrático de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da USC e primeiro presidente do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, Miguel Pérez Pereira, impartiu unha conferencia titulada “A psicoloxía en Galicia: reflexións sobre a súa historia”, na que fixo un profuso repaso polo desenvolvemento deste eido científico na nosa Comunidade, desde os seus inicios ata a actualidade, así como os principais retos que quedan por diante tanto no ámbito académico como no profesional. Pechouse o acto cunha emocionante intervención do psicólogo Juan Luis Basanta, en representación do alumnado da Promoción, que lembrou as andainas de catro décadas atrás.



Charla informativa “As consultas de psicoloxía e o novo regulamento de protección de datos”

12.4. OUTRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

- Charla informativa “As consultas de psicoloxía e o novo regulamento de protección de datos”.
Data: 22 de maio.
Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC.
Coordinador: Miguel A. Chouza Ponte.
Relatora: Cecilia Barros Díaz. Asesora xurídica do COPG e especialista en protección de datos.

13.

REPRESENTACIÓN COLEXIAL
NOS CONSELLOS**Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela**

Titular: M^a Rosa Álvarez Prada, como membro representativo de Unión Profesional de Galicia

Consello Galego de Saúde

Titular: Xavier Sardiña Agra / *Suplente:* Delia Guitián Rodríguez

Consello Galego de Benestar Social

Titular: Isabel M^a Varela Castiñeiras / *Suplente:* M^a Leonor Galiana Caballero

Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte a Infección por VIH/SIDA e outras Infeccións de Transmisión Sexual

Titular: Luisa M^a Blanco Caramés

Consello Provincial de Servizos Sociais da Coruña

Titular: Encarnación Álvarez Gallego / *Suplente:* M^a Ángeles Castro Díaz

Consello Provincial de Servizos Sociais de Lugo

Titular: Isolina Rodríguez López / *Suplente:* Julio González Morandeira

Consello Provincial de Servizos Sociais de Ourense

Titular: José Antonio Fontelo López / *Suplente:* Isabel Blanco Yáñez

Consello Provincial de Servizos Sociais de Pontevedra

Titular: Felisa Balboa Cardoso / *Suplente:* M^a Jesús Cejudo López

Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade do**Concello de Santiago de Compostela**

Titular: M^a José Fares Varela

Consello Municipal de Servizos Sociais do Concello de Vigo

Titular: Ana M^a Fieira Nogareda

Consello Municipal de Saúde do Concello da Coruña

Titular: Carlos José Losada López / *Suplente:* Víctor Manuel Torrado Oubiña

Consello Municipal de Saúde do Concello de Monforte de Lemos

Titular: Sagrario Ferreira Pernas

Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela

Titular: Rocío García Calvo / *Suplente:* Marta Bouzas Lameiro

Consello Municipal de Saúde do Concello de Vigo

Titular: Irene Esperón Rodríguez

Consello Sectorial de Inclusión Social do Concello da Coruña

Titular: M^a Teresa Hermida Pérez / *Suplente:* M^a Jesús López Cernadas

Consello de Deporte de Galicia

Titular: María Dolores González Fernández

Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte

Titular: María Dolores González Fernández

Observatorio Galego da Violencia de Xénero

Titular: M^a Rosa Álvarez Prada / *Suplente:* Hipólito Puente Carracedo

14. EN REPRESENTACIÓN DO COPG

- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu:
 - Ao “Fórum Europa. Tribuna Galicia” no que participou o presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices, organizado por Nueva Economía Fórum e celebrado o 15 de xaneiro en Santiago de Compostela; así como no que interveu o voceiro do Grupo Parlamentario En Marea no Parlamento de Galicia, Luis Villares o 15 de febreiro en Santiago de Compostela.
 - Ao acto de presentación da “Guía de práctica clínica sobre a depresión maior na infancia e a adolescencia”, organizado pola Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS), que tivo lugar o 21 de febreiro.
 - Aos actos académicos de celebración do Patrón da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela celebrados o 22 de febreiro.
 - Á entrega do “II Premio Xohana Torres de ensaios e creacións audiovisuais sobre a memoria histórica das mulleres de Compostela” do Concello de Santiago de Compostela, que se celebrou o 7 de marzo.
 - Ao encontro “LIDER▶A, Avanzando en igualdade”, organizado con motivo do Día Internacional da Muller pola Secretaría Xeral da Igualdade, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, que se celebrou o 7 de marzo en Santiago de Compostela.
 - Á presentación pública dos resultados da IV Edición do programa formativo en Galicia para tratar ao alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) organizado pola Fundación María José Jove e a Fundación INGADA, que tivo lugar o 9 de marzo na Coruña.
 - Á xuntanza do Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, o 20 de marzo.
 - Presentou unha conferencia no I Foro “Vacínate fronte aos abusos” organizado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, que se celebrou en Ourense o 25 de abril.
 - Xunto coa coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu á presentación do proxecto REVIVE SANTIAGO, Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado 2015-2025, organizada polo Concello de Santiago de Compostela que tivo lugar o 25 de abril.
 - Á conferencia “Prevención e abordaxe do problema do alcoholismo en menores” do psicólogo Javier Urra Portillo, que se celebrou o 16 de maio na Coruña, convidada polo Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña. O evento formou parte da campaña “O alcohol está a

prohibirche ter outra vida”, que están levando a cabo as farmacias da provincia, e serviu de marco para a entrega do Premio Periodístico Albarelo.

- Mantivo unha reunión coa Fundación Secretariado Gitano onde lle presentaron o Programa Calí, que ten entre os seus obxectivos fundamentais o apoio sociopersoal a mulleres xitanas, con especial atención a vítimas de violencia de xénero o 22 de maio.
- Participou no acto de inauguración e asistiu ao “III Congreso internacional para o estudo da mediación e o conflito”, organizado pola Conferencia Universitaria para el Estudio de la Mediación y el Conflicto (CUEMYC), no que colaborou o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia xunto con outras entidades como GEMME (Grupo Europeo de Maxistrados pola Mediación de España), ou a Asociación Iberoamericana de Justicia Terapéutica (AITJ), que se celebrou do 7 ao 9 de xuño en Pontevedra.



Acto inaugural do “III Congreso internacional para o estudo da mediación e o conflito”



Acto inaugural da Xornada “A psicoloxía clínica entre a atención primaria e a atención especializada”

- Participou no acto de inauguración e asistiu á Xornada “A psicoloxía clínica entre a atención primaria e a atención especializada”, organizada pola Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS (APSCS), en colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Asociación Galega de Psicólogos Internos Residentes (AGAPIR), que se celebrou o día 15 de xuño en Santiago de Compostela.
- Xunto co vicedecano do COPG e vogal da Directiva da División de Psicología Educativa (PsiE) do Consejo General de la Psicología, Hipólito Puente Carracedo, asistiu ao “IX Congreso Internacional de Psicología e Educación: Psicología, Educación e Neurociencias. Construíndo pontes para o desenvolvemento humano”, organizado pola Asociación Científica de Psicología y Educación (ACIPE), o Vicerreitorado de

Investigación e o Departamento de Ciencias da Educación da Universidade de La Rioja, que se celebrou do 21 ao 23 de xuño en Logroño.

- Impartiu a conferencia sobre “A abordaxe integral de violencia de xénero desde a perspectiva da psicoloxía” no curso de verán da Universidade de Santiago de Compostela sobre “Violencia de xénero: enfoque legal, social e psicolóxico”, que se celebrou do 11 ao 13 de xullo en Ribeira (A Coruña).
- Participou nun documental sobre vivenda e desafiuzamentos, que se realizou o 7 de novembro.
- Asistiu ás “Xornadas técnicas sobre delitos contra a integridade sexual” organizadas polo Concello de Santiago de Compostela, que se celebraron en Santiago de Compostela os días 8 e 9 de novembro.
- Asistiu á xornada de debate “O antixitanismo: claves para previlo e combatelo”, organizada pola Dirección Xeral de Servizos para as Familias e a Infancia, do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, xunto coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e o Consello Estatal do Pobo Xitano, celebrada en Santiago de Compostela o 13 de novembro.
- Mantivo unha xuntanza coa representante da Asociación “No Más Novatadas”, contra as novatadas e o maltrato entre universitarios, Loreto González-Dopeso López, para tratar esta temática, celebrada o 13 de novembro.
- Asistiu ao acto “Conversas feministas, con Marcela Lagarde”, organizado polo Concello de Santiago de Compostela, que se celebrou o 19 de novembro.
- Acudiu á III Xornada sobre Violencia de xénero e a afectación dos fillos/as, celebrada en Castellón, o 29 de novembro.



Reunión con representantes da Asociación “No Más Novatadas”



Manuela del Palacio na presentación do libro

- M^a Begoña Castro Iglesias, membro da Comisión Intersectorial de Xénero, asistiu ás reunións do Subgrupo Técnico de Traballo constituído no (GT3) do Observatorio Galego da Violencia de Xénero da Xunta de Galicia, para a “Abordaxe da violencia de xénero coa mocidade desde o ámbito educativo”, que se celebraron o 27 de febreiro e o 8 de maio en Santiago de Compostela.



Acto de presentación do Programa ALIDA

- A presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa, Manuela del Palacio García, asistiu á presentación do libro do psicólogo Javier Urra *“La triple E. Escala de estabilidad emocional”*, que tivo lugar o 12 de marzo en Vigo.
- O coordinador do Programa de Atención Psicolóxica para Homes con problemas de Control e Violencia no Ámbito Familiar “Abramos o Círculo”, Rubén Villar Trenco, asistiu á reunión da Mesa Municipal contra a Violencia de Xénero do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Arteixo, que se celebrou o 23 de marzo.
- A vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa, Olegaria Mosqueda Bueno representando ao COPG, mantivo unha reunión o 2 de abril na sede do COPG cun dos equipos de investigación de Amnistía Internacional para participar na investigación que realizan sobre o acoso escolar en España.
- O membro do Grupo de Traballo sobre Saúde e Benestar Ocupacional da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO) do COPG e vogal da Sección de PTO do COPG, Antonio Esteban Fuertes Saavedra, participou como relator na Xornada Técnica “Idade e diversidade. Impacto na xestión de PRL”, organizada polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), que se celebrou o 27 de abril na Coruña. Esta actividade enmárcase no convenio de colaboración do COPG co ISSGA.
- O tesoureiro do COPG, Miguel A. Chouza Ponte, xunto co vogal da Xunta de Goberno do COPG Víctor Manuel Torrado Oubiña, mantiveron o 15 de maio unha reunión coa Federación Galega de Esclerose Múltiple de Galicia (FEGADEM), co fin de valorar a posibilidade de establecer sinerxías de colaboración.
- Ma Concepción Rodríguez Pérez asistiu o 25 de maio xunto coa coordinadora do Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal da Comisión Intersectorial de Xénero, Jélica Rodríguez Czaplicki, ao espectáculo Electra, da compañía portuguesa Chapitô no Teatro Principal de Santiago de Compostela, para participar nunha tertulia posterior co público sobre este mito.
- A colexiada Marcela Santorun Ardoné participou nunha mesa redonda nas “I Xornadas de mediación” organizadas polo Ilustre Colexio de Avogados de Ferrol, que se celebraron os días 1 e 2 de xuño en Ferrol.
- A vogal da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, María Lueiro Mendoza, asistiu ás “XVI Xornadas Interdisciplinares da Federación Alzheimer Galicia (FAGAL)” organizadas por FAGAL, que tiveron lugar o 9 de xuño en Santiago de Compostela.
- A presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa, Manuela del Palacio García, asistiu ao acto de presentación do Programa ALIDA implantado na Escola de Maxisterio CEU de Vigo o pasado 15 de xuño. O seu obxectivo é o acceso das persoas con discapacidade á Universidade.
- A vicesecretaria do COPG, Sandra Fernández Rodríguez, asistiu ao Foro “Diagnose e Plan de Acción das Políticas de Igualdade de Xénero” de Compartimos Plan na comarca de Santiago de Compostela, que organizou a Deputación da Coruña e se celebrou o 10 de xullo en Bertamirás, Ames (A Coruña).
- A colexiada Rocío García Calvo participou nas Xornadas de Prevención de Riscos Laborais “Coidando ás persoas: regreso ao traballo tras unha baixa de longa duración”, organizadas polo Instituto Nacional de Seguri-

dad, Salud y Bienestar en el Trabajo (INSSBT), que se celebraron os días 12 e 13 de xullo en Santiago de Compostela.

- A vicesecretaria do COPG, Sandra Fernández Rodríguez, participou no VII Encontro dos Servizos Sociais Comunitarios que organiza o Consorcio das Mariñas, o 5 de outubro, e entrevistou nunha mesa de carácter multidisciplinar baixo o título “O reto de construír a intervención social do futuro”.
- María Dolores González Fernández, coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte, acudiu á primeira reunión da Comisión Galega de Control da Violencia, da que o COPG forma parte.
- Os membros do Grupo de Traballo de Psicoloxía Xurídica e Forzas da Seguridade da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG, María Filomena Garrido Blanco, Andrea Abilleira Escudero, M^a Milagros Martínez García e Patricia Fernández Varela, asistiron presentando un traballo ao “XI Congreso (Inter)Nacional de Psicoloxía Xurídica e Forense” organizado pola Sociedad Española de Psicología Jurídica y Forense, que se celebrou en Granada do 1 ao 3 de novembro.
- A colexiada Olegaria Mosqueda Bueno participou na Mesa Redonda “Mozos e redes sociais: da ciberviolencia á cibercultura” organizada polo Concello de Lugo e Centro Clínico 9, que se celebrou o 22 de novembro.
- As terapeutas María Pienso Linares e Áurea Losada Quinteiros participaron en representación do Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) e do Programa de Atención Psicolóxica para Homes con problemas de Control e Violencia no Ámbito Familiar Abramos o Círculo, na xornada formativa “A prevención da violencia de xénero, un reto de todos/as” organizada polo Concello de Ares (A Coruña), desde o Centro de Información á Muller, con motivo da celebración do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero, que se desenvolveu o 26 de novembro.

15.

RELACIÓNS E COLABORACIÓNS
INSTITUCIONAIS

PARLAMENTO DE GALICIA

- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu:
 - A unha reunión co Grupo Parlamentario En Marea para tratar sobre a situación das vítimas da explosión en Páramos, Tui, o día 9 de xullo.
 - Ao debate no Pleno do Parlamento de Galicia á Proposición de Lei sobre publicidade sanitaria e sociosanitaria que presentou En Marea o 10 de xullo en Santiago de Compostela.
 - Xunto co vogal, Víctor Torrado Oubiña, a unha xuntanza coa vicepresidenta 2^a do Parlamento de Galicia, voceira de Sanidade de En Marea, Eva Solla Fernández, para abordar os problemas e necesidades da psicoloxía clínica no Servizo Galego de Saúde (SERGAS), o 26 de novembro.
- O colexiado José Luis Santos-Ascarza Bacariza, doutor en Psicoloxía e membro da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, asistiu o 5 de marzo en representación do COPG a unha comparecencia na Comisión non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade no Parlamento de Galicia, á que foi convidado. Na intervención reivindicouse un axuste entre as políticas públicas no eido da discapacidade e a realidade demográfica do país.



José Luis Santos-Ascarza Bacariza comparece no Parlamento de Galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA
DE GALICIA

- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:
 - Xunto coa vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, mantiveron unha xuntanza co director xeral de Emerxencias e Interior, Luis Menor Pérez, co subdirector xeral de Planificación e Protección Civil da Xunta de Galicia, José Antonio Grandás Arias, e co xefe de servizo de Protección Civil, Pedro Luis Sánchez Castro. Nesta xuntanza abordáronse as liñas técnicas do convenio de colaboración para 2018 entre ambas as dúas institucións en materia de protección civil, que se celebrou 12 de marzo.
 - Mantivo unha reunión o 9 de abril co director xeral de Xustiza, Juan José Martín, e coa directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, M^a Amparo González Méndez, para tratar sobre os convenios para a mediación familiar intraxudicial deste ano.
 - Asistiu o 28 de maio en Santiago de Compostela ao acto de sinatura do convenio de colaboración entre o Colexio Oficial de Psicoloxía

de Galicia e a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, que permite o desenvolvemento dos programas para a atención a mulleres que sofren violencia de xénero (PAPMVX) e para homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar “Abramos o Círculo”.

- Asistiu a unha xuntanza co vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, celebrada o 19 de xullo para tratar sobre a intervención do GIPCE no accidente pirotécnico en Tui (Pontevedra) e a necesidade de reforzar a atención posterior ás persoas afectadas. Nesa mesma xuntanza tamén se tratou a posta en marcha dunha quenda de garda permanente para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero. Reuniuse tamén coa secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, para tratar esta mesma cuestión, o 3 de agosto.
- Asistiu a unha xuntanza coa secretaria xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, para tratar a aplicación de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, o 8 de novembro.
- Asistiu o 19 de novembro ao acto de sinatura coa secretaria xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, dun convenio de colaboración para a posta en marcha dun servizo pioneiro no Estado de garda psicolóxica especializada e permanente para as mulleres que sofren violencia de xénero e os seus fillos e fillas menores de idade.



Sinatura do convenio dos programas de atención psicolóxica en violencia de xénero



Sinatura do convenio para o servizo de quenda de garda psicolóxica en violencia de xénero

CONSELLERÍA DE SANIDADE - DIRECCIÓN XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA

- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e o presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, José Eduardo Rodríguez Otero, reuníronse o 3 de abril co director de Asistencia Sanitaria do Sergas, Jorge Aboal, a quen lle trasladaron a demanda da introdución da psicoloxía en atención primaria, entre outros asuntos.
- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia participa nos seguintes Grupos de Traballo para a elaboración do Plan Estratéxico de Saúde Mental:
 - O colexiado Mariano Carrero Moure asistiu á primeira reunión do Grupo de Traballo en Saúde Mental Infanto Xuvenil, que se celebraron

o 9 de febreiro, 1 de marzo e 11 de abril, 2 e 23 de maio, 11 de xullo en Santiago de Compostela.

- O secretario da Sección de Psicoloxía e Saúde, Carlos José Losada López, acudiu como representante do COPG ás xuntanzas do Grupo de Traballo de Continuidade de Coidados os días 18 de abril e 30 de maio. A colexiada Delia Guitián Rodríguez, acudiu ás xuntanzas de dito Grupo de Traballo o día 15 de outubro e 14 de novembro.
- O representante do COPG no Grupo de Traballo Trastorno Mental Grave, Carlos Álvarez García, acudiu o día 15 de maio á xuntanza de dito Grupo de Traballo.
- O colexiado Manuel Castro Bouzas, acudiu ás reunións do Grupo de Traballo de Estigma, o 17 de outubro e o 20 de novembro.
- A colexiada Carmen Guimeráns Freijeiro, acudiu á reunión do Grupo de Traballo de Atención e Coordinación na Abordaxe dos TUS, o día 24 de outubro.
- O presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde, José Eduardo Rodríguez Otero, asistiu á reunión do Grupo de Traballo de Formación, Investigación e Innovación en Saúde Mental, o día 6 de novembro.



Reunión coa Conselleira de Educación

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- A decana do COPG, xunto co vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo e a presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa, Manuela del Palacio García, mantiveron unha xuntanza coa conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, Carmen Pomar Tojo, para abordar a psicoloxía educativa e a participación dos/as profesionais da psicoloxía no ensino público para atallar graves problemáticas como o son o fracaso escolar, bullying, ou as necesidades educativas especiais, o 10 de decembro.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- A vicepresidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Leonor Galiana Caballero, participou no Pleno do Consello Galego de Benestar Social celebrada o 11 de decembro en Santiago de Compostela.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto coa presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, e os membros da Xunta de Goberno José Manuel Oreiro Blanco e Alejandra Fernández Rodríguez, reuníronse o 5 de abril con Ánxela Franco Pouso, deputada e responsable da área de Igualdade, Educación e Servizos Sociais da Deputación da Coruña e a Manuel Pérez, técnico do plan de acción “Rede de Concellos para o Benestar” da Deputación, para trasladarlle a escasa presenza de psicólogos e psicólogas nos servizos sociais comunitarios.



Reunión coa Deputada Provincial Ánxela Franco

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

- A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, acudiu á reunión con Ana Doval, da Deputación Provincial de Pontevedra, de cara a estudar posibilidades de colaboración entre ambas institución, o día 4 de setembro.

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLARÍA DE POLÍTICAS SOCIAIS, SAÚDE E DIVERSIDADES

- A vogal da Xunta de Goberno e coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, M^a Concepción Rodríguez Pérez, participou na primeira xuntanza aberta da Casa Xohana Torres o 6 de febreiro en Santiago de Compostela.
- A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu á reunión da mesa de traballo para o estudo da situación das persoas sen teito-transeúntes e dos recursos en Santiago de Compostela, organizada pola Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde do Concello de Santiago de Compostela, celebrada o 12 de xullo.

CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE

- A representante do COPG no Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela, Rocío García Calvo, acudiu os días 13 de marzo, 12 de xuño ás xuntanzas de dito Consello.

CONCELLO DA CORUÑA

CONSELLO SECTORIAL DE INCLUSIÓN SOCIAL

